

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2023 pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, escala de persoal de servizos xerais.

Unha vez convocado o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no corpo auxiliar de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, escala de persoal de servizos xerais, pola Resolución do 22 de decembro de 2022 (DOG núm. 245, do 27 de decembro) e modificado polas resolucións do 20 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro) e do 6 de febreiro de 2023 (DOG núm. 26, do 7 de febreiro), e de conformidade co establecido nas bases de dita convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

Nomear o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, escala de persoal de servizos xerais, coa composición que se relaciona no anexo.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2023

O conselleiro de Facenda e Administración Pública
P.D. (Orde do 8.1.2020; DOG núm. 16, do 24 de xaneiro)
José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública



ANEXO**Corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia,
subgrupo C2, escala de persoal de servizos xerais**

Tribunal titular:

Presidencia:

– Víctor Manuel Patiño Grela, persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario.

Secretaría:

– Mónica Blas Freire, persoal funcionario do corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2.

Vogais:

– María del Carmen Couto Míguez, persoal funcionario do corpo de profesores de formación profesional.

– Rocío Pérez Reija, persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario.

– Julio Senén Fernández Guerra, persoal funcionario do corpo de profesores de formación profesional.

Tribunal suplente:

Presidencia:

– María Rey Rodríguez, persoal funcionario do corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2.

Secretaría:

– Manuel Lage Cobas, persoal funcionario do corpo de mestres, especialidade de audición e linguaxe.

Vogais:

– Óscar Navas Aranda, persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario.

– Sandra Manuela Cerqueiro Costa, persoal funcionario do corpo facultativo de grao medio, escala de técnicos facultativos, especialidade de terapia ocupacional.

– Luis Ángel Castrillo Calvo, persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo III, categoría 065.

